

Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Lectura e comprensión

Pontevedra

Unha banda de vacas mostrencas visita Verducido

11/11/2011 – *Diario de Verducido (Pontevedra)*

PONTEVEDRA. Unha manda de vacas da raza mostrenca decidiu baixar dos montes de Verducido ata a vila. Á tardiña do sábado, un nutrido grupo foi avistado polos veciños da zona. Apareceron pola estrada, paseando con moita tranquilidade, entrando en leiras de labradío e prados. Mesmo parecía unha excursión organizada para visitar a vila.

O noso intrépido repoteiro, Tito, conseguiu, en exclusiva, entrevistar unha destas orgullosas vacas.

-Boas tardes. Cal é o seu nome?

-Chámome Pinta.

-Como é que veñen ata a vila?

-Sempre vimos algunha fin de semana probar o trevo destes

prados, pois na nosa casa só temos aves e herba castelá. O trevo para nós é un manxar, pero hoxe chamamos moito a atención porque nos xuntamos moitas.

-E vostedes son diferentes ás vacas residentes por esta zona, veñen do estranxeiro?

-Non, nin moito menos, nós somos unha raza autóctona que vivimos en liberdade polos montes.

-Somos enxoiatas, de cor marrón, e como podes ver, os nosos cornos son moi grandes. A nosa raza chámase mostrenca.

-Moitas grazas por contestar as miñas preguntas.

-De nada. Ata logo.

Xornal dixital: Galiciaé (adaptación)



Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Lectura e comprensión

1 Escribe os seguintes datos que aparecen na noticia.

- Título ➡ **Unha banda de vacas mostrencas visita Verducido.**
- Nome do xornal ➡ **Diario de Verducido**
- Lugar da publicación ➡ **Pontevedra**
- Data da publicación ➡ **11/11/2011**

2 Que facía a manda de vacas en Verducido?

Entraba nas leiras de labradío e prados.

3 Por que chaman a atención na vila?

Porque parecían unha excursión organizada para visitar a vila.

4 Que outro tipo de vacas coñeces? Descríbea.

Resposta libre.

5 Por que pensa o reporteiro que as vacas son estranxeiras?

Porque son diferentes ao resto de vacas que viven por esa zona.

6 Por que baixan as fins de semana á vila?

Porque lles gusta viaxar.

Polas augas que hai na vila.

Polo trevo, unha herba moi saborosa.

7 Por que cres que parece unha excursión organizada?

Resposta libre

Unidade 10. Como é ese animal?

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Vocabulario

1 Busca no dicionario e escribe o significado.

- **Bela:** Que resulta agradable á vista ou ao oído
- **Pavón:** Ave oriúnda de Asia da familia dos fasiánidos, que se caracteriza por ter o macho unha plumaxe moi vistosa de colorido variado e porque pode abrir as plumas da cola en forma de abano.
- **Ravo:** Planta anual da familia das crucíferas de follas lobuladas, flores abrancazadas ou rosadas e raíz comestible en forma de cilindro ou fuso, de cor xeralmente encarnada, carne branca e sabor picante.

2 Escribe unha oración con cada unha das palabras da actividade anterior.

Resposta libre

- _____
- _____
- _____

3 Completa a táboa

Resposta libre

Sinónimos de <i>bela</i>			
Antónimos de <i>bela</i>			
Familia de palabra <i>bela</i>			
Campo semántico de <i>casa</i>			
Aumentativo de <i>casa</i>			
Diminutivo de <i>casa</i>			

4 Completa as oracións coas palabras homófonas.

ravo/rabo

bacca/vaca

voa/boa

- O **ravo** é unha planta cuxa raíz é picante. • As **vacas** pastan no prado
- O can dos meus avós non ten **rabo**. • A pomba **voa** por toda a cidade.
- Na **vaca** do coche levamos as maletas. • A miña nai é moi **bela**.

5 Escribe, coa axuda do dicionario, unha oración con cada unha das seguintes palabras.

• vota/bota

• bago/vago

• _____

• _____

• _____

• _____

Resposta libre

Unidade 10. Como é ese animal

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

1 Le.

Alberte ten curiosidade por saber como será Sabela.

Hoxe vai vir Sabela, que me coidará algúns días mentres os meus pais traballan. Eu, pola miña conta, preparei unhas preguntas para facerlle unha entrevista para coñecela mellor.

Ás cinco chega e mentres a miña nai prepara a merenda, aproveito para interrogala.

ALBERTE: Cantos anos tes?

SABELA: A semana que vén farei 20.

ALBERTE: Tes mozo?

SABELA: Non aínda son nova.

ALBERTE: Tes mascotas?

SABELA: Teño uns peixes de cores e un gato siamés.

ALBERTE: A que che gusta xogar?

SABELA: Ao parchís, baloncesto, videoxogos... Paréceme que imos pasalo ben despois de facer as tarefas da escola.



2 Contesta

- Quen é o entrevistador? **Alberte.**
- Que é a entrevistada? **Sabela.**
- Cal é o tema da entrevista? **O tema da entrevista é Sabela, saber como é para coñecela mellor.**

3 Escríbelle unha entrevista ao teu personaxe favorito.

1.º Pensa a quen vas entrevistar. **2.º** Escribe cinco preguntas para facerlle.

Resposta libre

Unidade 10. Como é ese animal

Nome: _____ **Curso:** __ **Data:** _____

Comprensión oral

1 Que animal se describe? _____

2 Como se chama? _____

3 Describe o aspecto de Lúa?

• Pelo: _____

• Ollos: _____

• Orelas: _____

• Tamaño: _____

4 Que é o que máis lle gusta facer?

5 Tes mascota? Cal che gustaría facer?
